

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 24 de outubro de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez nove horas e quince minutos do día vinte e catro de outubro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34289.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 18 de outubro de 2024.

2.34290.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 6007, GOLETA-CERCIO-ESTRADA RODO – BRÁNTEGA, DENDE PQ 2+550 AO PQ 2+800 (LALÍN)”. (Expte.2024027608)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.



Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na EP 6007, Cercio-Estrada Rodo – Brantega, dende PQ 2+550 con PQ 2+800*”, no termo municipal de Lalín.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP-6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega.

As actuacións que se contemplan no proxecto teñen como obxectivo a mellora da seguridade e máis concretamente a mellora da mobilidade dos peóns nun tramo de 250 metros que discorre polo núcleo rural de Cercio. Tamén dentro do mesmo obxectivo se acondicionarán dúas zonas preto da igrexa, unha praza que dotará dun espazo amplo e seguro para a xuntanza dos veciños e outra zona que se empregará para a mellora do trazado e visibilidade da estrada e que se acondicionará para estacionamento permitindo así un espazo para albergar os vehículos estacionados fora da estrada.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	484.759,16€
IVE 21%	128.860.06€
Presuposto base de licitación con IVE	613.619,22 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente certificación da aprobación do Convenio polo Concello (CSV: 5G5QHMM6KLGDXWWQ64XKTPESQ).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Existe proxecto supervisado pola Xefatura dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais (Proxecto CSV:8E5FA66YGONCCBQT e informe de supervisión CSV: WXDEVFWCRJDFF3KQ).

Existe informe de xustificación das porcentaxes de financiación incluídas no convenio (CSV: CUVV0OOM33JJPPKW), do grado de prioridade da actuación, (CSV: NFFPA15SWWPN3FTB) e da urxencia das expropiacións, (CSV: P0OWZ7G9TWHMJUC), da Xefatura dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Consta no expediente certificación da aprobación do Convenio polo Concello (CSV: 5G5QHMM6KLGDXWWQ64XKTPESQ).

Consta certificación da posta a disposición da Deputación dos terreos de titularidade municipal (CSV:9JCK3M3232DYTJASKNG9TCM67)

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).



- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.



4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de Lalín* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	429.533,45 €	70
Concello de Lalín	184.085,77 €	30
Total obras	613.619,22€	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo *Concello de Lalín*:

Concello de Lalín	Achega	%
Concello de Lalín	30.175,09 €	100
Total expropiacións	30.175,09 €	100

A achega do *Concello de Lalín* será de 214.260,86 € (30% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

Por dita achega do Concello, que supón un ingreso de dereito público, xerarase crédito na correspondente aplicación orzamentaria.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.



Con respecto da transferencia de vías, o artigo 33.2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, aténdese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

1. A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
2. O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
3. O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 6007 GOLETA – CERCIO – ESTRADA RODO BRÁNTEGA DENDE O PQ. 2+550 AO PQ. 2+800. CONCELLO DE LALÍN”.

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

José Crespo Iglesias, alcalde do Concello de Lalín, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.



Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 6007 Goleta – Cercio – Estrada Rodo - Brántega, que transcorre íntegramente polo Concello de Lalín, e ten unha lonxitude total de 3.940 metros. Está categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.

VI.- A E.P. 6007 é de dobre sentido de circulación e sección variable. A zona de actuación abrangue dende o P.Q. 2+550 ata o P.Q. 2+800, ao seu paso polo núcleo de Cercio, treito no que é necesario realizar unha reestruturación do espazo público para mellorar a mobilidade peonil, e dotar de espazos de aparcamento acondicionados que eviten que os vehículos estacionen nas marxes da estrada e provoque que o tránsito peonil invada zonas reservadas ao tráfico rodado.

Para acadar este obxectivo, acondicionaranse dúas zonas preto da igrexa, unha praza que dotará dun espazo amplo e seguro para a xuntanza dos veciños e outra zona que se empregará para a mellora do trazado e visibilidade da estrada e que se acondicionará para estacionamento permitindo así un espazo para albergar os vehículos estacionados fora da estrada.

Nun primeiro tramo (entre o PQ 2+550 e o PQ 2+665) proxéctase a execución dunha senda peonil na marxe dereita, executada en formigón coloreado, outorgando aos viandantes un espazo diferenciado e exclusivo para o seu uso. Proponse ademais, a execución dun pavimento de formigón ao longo da marxe esquerda da vía, entre o límite da calzada e as fachadas e cerramentos existentes.



No seguinte tramo (entre o PQ 2+665 e o PQ 2+770) proxéctase a creación dunha plataforma única como zona de convivencia, con preferencia peonil, para dar continuidade á senda peonil proxectada.

No tramo final (entre o PQ 2+770 e o PQ 2+833) propónse a mellora no trazado da curva existente para o que será necesaria a demolición das edificacións en estado ruinoso de dita parcela. Neste tramo acondicionarase a parcela das edificacións a demoler como aparcadoiro.

Ao longo de toda a actuación levarase a cabo a execución dunha rede de recollida de augas pluviais.

Por outro lado, na contorna da igrexa parroquial de Santiago levarase a cabo a execución dun pavimento de lousas de pedra, a instalación de mobiliario e alcorques e a plantación de diversas árbores, co fin de crear un espazo agradable de estancia para todos os veciños. A maiores executarase unha praza na marxe esquerda da Igrexa.

A maiores, contemplase a instalación de focos empotrados na zona da fonte e no cruceiro, bolaridos extraíbles e a colocación dunha marquesina, así como luminarias LED.

VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín para a execución do proxecto de obras de "Mellora da mobilidade peonil na EP 6007 Goleta – Cercio – Estrada Rodo – Brántega, dende o PQ 2+550 ao PQ 2+800".

O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e vehículos na zona de actuación, conseguida mediante a execución de sendas peonís, plataformas únicas, zonas de aparcamento e mellora de curvas perigosas. Ademais, o proxecto contempla a execución da rede de pluviais e melloras no alumeado da zona.

Segunda.- Importe do convenio:

O importe o que se refire a presente actuación ascende a cincocentos sete mil cento vinte e tres euros con trinta e dous céntimos (507.123,32 €), máis cento seis mil catrocentos noventa e cinco euros con noventa céntimos (106.495,90 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de seiscentos trece mil seiscentos dezanove euros con vinte e dous céntimos (613.619,22 €). O importe das expropiacións ascende a un total de trinta mil cento setenta e cinco euros con nove céntimos (30.175,09 €).

Terceira.- Financiamento:

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Lalín mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	429.533,45 €	70
Concello de Lalín	184.085,77 €	30
TOTAL OBRAS	613.619,22€	100



As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Lalín:

Organismo	Achega	%
Concello de Lalín	30.175,09 €	100
TOTAL EXPROPLACIÓNS	30.175,09 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Lalín será de 214.260,86 € (30% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan Máis Provincia, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Lalín.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra:

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello:

O Concello de Lalín obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.



- 4) *Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fai referencia o apartado 3 e 4 desta cláusula.*
- 5) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra:

- 1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico de “Mellora da mobilidade peonil na EP 6007 Goleta – Cercio – Estrada Rodo – Brántega, dende o PQ 2+550 ao PQ 2+800 (Concello de Lalín)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) *A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 3) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, enténdéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 4) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas:

O Concello de Lalín faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control:

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, a alcaldesa ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio:

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2025.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.



Décima.- Resolución:

Serán causas de resolución o incumplimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable:

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- *Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento.*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumplimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as dúas partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
Luis López Diéguez*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay”*

*Polo Concello de Lalín,
José Crespo Iglesias*

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

3.34291.- [APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO “VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A AVENIDA DE MARÍN E A RÚA DE ROSALÍA DE CASTRO EN PONTEVEDRA”.](#) (Expte. 2024065220)

Retírase da orde do día expediente relativo á “Aprobación do convenio de colaboración entre o *Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra* para a execución das obras do “*vial de conexión entre a avenida de Marín e a Rúa de Rosalía de Castro en Pontevedra*””.



4.34292.- CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS “ESCOLAS DE MÚSICA DEPENDENTES DE ASOCIACIÓNSEN SEN FINS DE LUCRO PARA O ANO 2024”.
(Expte.2024010400)

Primeiro. A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 26 de xullo de 2024 aprobou as bases reguladoras para a concesión de axudas a *Escolas de Música dependentes de Asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2024*.

Segundo. Con data 7 de agosto de 2024 procédese á publicación das referidas bases no BOPPO núm. 153 de 7 de agosto de 2024, establecendo nas mesmas que o prazo de presentación de solicitudes rematou o 30 de setembro de 2024.

Terceiro. Trala reunión da Comisión de Valoración nomeada ao efecto con data 17/10/2024, a xefatura do Servizo de Cultura, na mesma data, emite informe proposta respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de persoas beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas polos motivos que se indican.

Cuarto. Con data 18/10/2024 desde Intervención emiten informe de fiscalización favorable que figura no expediente co CSV: JMJKMNQV5PDWNI1U.

Fundamentos:

Primeiro. Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; artigo 232 no caso de tratarse de Asociacións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.



Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o art. 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- O artigo 48.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece que poderán cursarse estudos de música ou de danza que non conduzan á obtención de títulos con validez académica ou profesional en escolas específicas, con organización e estrutura diferentes e sen limitación de idade.

Pola súa banda, a Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 11 de marzo de 1993, regula as condicións de creación e funcionamento das escolas de música da Comunidade Autónoma de Galicia, salientando a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia e no seu punto 12 clasifica as escolas de música como públicas ou privadas, segundo o seu titular sexa un organismo de carácter público, ou unha persoa física ou xurídica de carácter privado.

Cuarto.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e o artigo 118 d) a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Quinto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas, de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión de subvencións a 26 escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para os gastos de funcionamento, para o ano 2024, por un importe total de 100.000,00 € con cargo á aplicación 24/330.3260.489.09 e que figuran na relación que se achega co CSV: MPUXL5NU8YATXJ6Q.

Segundo.- Excluir a solicitude da *Banda Unión de Lantaño do Concello de Portas* (Expte. 2024065469) por desistencia da solicitude.



5.34293.- APROBAR A CONCESIÓN E DECLARAR DE ABOAMENTO A RELACIÓN DE PREMIOS DA COPA DE FÚTBOL DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (MASCULINA E FEMININA). (Expte.2024022959)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 22 de decembro de 2023 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024.

Segundo.- Con data 04/04/2024 a Vicepresidenta Segunda da inicio ao expediente para a tramitación do “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra 2024”.

Terceiro.- En data 05/04/2024 informase por parte do servizo de Deportes da memoria xustificativa da Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra.

Cuarto.- Por parte da Intervención fiscalízase de xeito favorable con data 09/04/2024.

Quinto.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12/04/2024 e núm. 2.33628 aprobou o “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra 2024”, publicándose no BOPPO núm. 75 de 17/04/2024.

Sexto.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 19/04/2024 e núm. 37.33689 aprobou a “Modificación puntual do acordo adoptado en XG de data 12/04/2024, núm. 2.33628 polo que se aprobaba o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra 2024”.

Sétimo.- Con data 10/10/2024 por parte do servizo de Deportes emítese informe-proposta dos premios pola participación dos clubs deportivos na Copa Deputación de Pontevedra 2024, xunto coa relación de equipos participantes masculinos e femininos.

Oitavo.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 18/10/2024.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.



- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- Que os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal e como establece o artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Que de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón no seu artigo 36. D) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Que entre os obxectivos que inclúe a lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.
- Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

Por outra banda, no seu artigo 51 ás federacións deportivas galegas coma entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación esténdese ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e dispón que entre os seus obxectivos esta o de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva en exclusividade, neste sentido a Lei confírelle ás federación funcións delegadas públicas de carácter



administrativo que se recollen no artigo 56, entre estas funcións podemos destacar a de colaborar coas administracións públicas na promoción das súas respectivas modalidades e a de organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.

A mencionada Lei, define no seu artigo 19 as competicións oficiais de ámbito autonómico coma as cualificadas como tales polas respectivas federacións deportivas de Galicia ou pola Administración deportiva autonómica dentro do seu ámbito competencial e no seu apartado 2 indica que estas serán organizadas pola correspondente federación deportiva galega de forma directa.

Quinto.- No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

En base ao anteriormente exposto, efectúase a seguinte a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión e declarar de aboamento a relación de premios, por importe de 3.800,00 €, dos cales 1.550,00 € corresponden á participación de 6 clubs deportivos na competición masculina e 2.250,00€ corresponde á participación de 5 clubs deportivos na competición feminina, e que figuran na relación que se achega co seguinte CSV: CLGS31VBQTAEPJSU.

6.34294.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS AUXILIARES E DE ACONDICIONAMENTO DOS CENTROS DE PROCESO DE DATOS (CPDP E CPDR) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2024050712)

Actualmente a Deputación de Pontevedra, para poder exercer as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón de dous centros de proceso de datos, o Centro de Proceso de Datos Principal, en adiante CPDP, e o Centro de Proceso de Datos de Respaldo, en adiante CPDR.

Tanto o CPDP coma o CPDR se atopan actualmente xestionados polo servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra estando baixo a súa responsabilidade o soporte dos mesmos, así como a supervisión, detección e diagnose de calquera problema de hardware ou software que poida producirse nestes.



Para garantir o cumprimento deste compromiso de servizo, faise necesario a contratación do mantemento para todo o equipamento auxiliar e de acondicionamento correspondente a ambos CPD. Este servizo resulta imprescindible para que estes CPD da Deputación se atopen constantemente respaldados e monitorizados, de modo que se garanta o seu funcionamento ante posibles eventualidades ou riscos que poidan poñer en perigo a continuidade dos servizos TIC provistos desde eles, como poden ser incendios, inundacións, cortes de subministro eléctrico, subidas e baixadas de tensión, accesos non autorizados, fallos nos equipos de refrixeración entre outros.

A Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente este servizo xa que non conta con persoal especializado nesa materia, ademais de non poder contar ca opción de reparación ou substitución de pezas. En canto a opción de non ampliar o equipo do servizo para tal fin hai que considerar que si se externaliza conseguiríase un servizo de soporte técnico 24x7x365 (calquera hora do día, durante os 365 días do ano) algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso.

Por todo o anterior, en cumprimento do disposto no artigo 28 da LCSP, faise constar a idoneidade do obxecto e contido proxectado para satisfacer estas necesidades.

En base ao exposto, a Deputada delegada en materia de Fondos Europeos, Innovación e Axenda dixital dictou providencia de inicio para a contratación do servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento dos centros de proceso de datos (CPDP e CPDR) da Deputación de Pontevedra. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que pola intervención se emitiron os correspondentes documentos de retención de crédito RC núm. 202400161917 e 202400221634 e o documento RC fut co numero de operación 202400221638.

Tendo en conta que, con data 20/08/2024, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato de servizo, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, segundo o artigo 159 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 20/08/2024, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 02/09/2024.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 18/10/2024.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a



necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do contrato para a prestación do servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento dos centros de proceso de datos (CPDP e CPDR) da Deputación de Pontevedra.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 4K6TDMNWBHKGK47W2) e de prescricións técnicas (CSV: ONU1IEG8WDXICG3U) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias e de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024 (1 mes)	24/926.9260.227.23	7.058,33 €
2025 (11 meses)	25/926.9260. 227.23	77.641,67 €
TOTAL		84.700,00 €

O importe correspondente ao exercicio 2025 quedará condicionado a aprobación do respectivo orzamento e a existencia de crédito adecuado e suficiente. A distribución do orzamento poderá sufrir variacións en función da data en que se formalice o contrato.



- 4.- Nomear responsable do contrato ao xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.
- 5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

7.34295.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA ADMINISTRATIVA EN TAREFAS DE COLABORACIÓN MATERIAL NA COMPROBACIÓN TRIBUTARIA EN MATERIA DE TAXAS E OUTROS TRIBUTOS”. (Expte.2024027993)

A Deputación, de conformidade co establecido no art. 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), establece que son competencias propias a “Asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria, en período voluntario e executivo, e os de servizos de apoio á xestión financeira dos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes” así como a “asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión”.

Segundo o disposto no art. 106.3 da LBRRL, é competencia das entidades locais a xestión, recadación e inspección dos seus tributos propios, sen prexuízo das delegacións que poidan outorgar a favor das entidades locais de ámbito superior ou das respectivas Comunidades Autónomas, e das fórmulas de colaboración con outras entidades locais, coas Comunidades Autónomas ou co Estado, de acordo co que establece a lexislación do Estado.

Así mesmo de conformidade no art. 7 da citada Lei “as entidades locais poderán delegar na comunidade autónoma ou noutras entidades locais en cuxo territorio estean integradas, as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tributarias que esta lei lles atribúe.

Os traballos contratados reforzarán materialmente as tarefas de comprobación que serán dirixidas e realizadas en todo momento polo Servizo de Inspección tributaria e procedementos sancionadores, non constituíndo en ningún caso, a colaboración externa proposta unha fórmula de xestión indirecta ou de transferencia a particulares de funcións públicas.

Quedan excluídas do obxecto do contrato todas aquelas actuacións que impliquen exercicio de autoridade ó amparo do disposto nos arts. 60, 61 e 169 do Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, que serán realizadas en todo momento polo Servizo de Inspección e procedementos sancionadores do ORAL.



Coa finalidade de reforzar os recursos tributarios propios dos municipios, cuestión intimamente ligada aos principios de autonomía municipal e suficiencia financeira, esta Tesourería coa conformidade do Deputado delegado en data 12/07/2024, tomou a iniciativa de iniciar un procedemento para a contratación de traballos de asistencia técnica e colaboración material na comprobación tributaria de taxas dos Concellos delegantes coa finalidade de xeneralizar as cargas tributarias e regularizar a situación tributaria de todos os contribuíntes, así como doutros tributos que puntualmente sexan necesarios.

É preciso indicar que sendo os traballos de mantemento dos padróns, en si mesmos, unha tarefa recorrente no tempo, os traballos que se pretenden acometer, constitúen unha posta ao día extraordinaria que alcanza a referenciación catastral de aproximadamente 14.000 obxectos tributarios, así como a elaboración de fichas censuais que provocan disfuncións na xestión tributaria.

Por outra banda, tendo en conta a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados, proximamente será necesaria a elaboración dunha nova ordenanza fiscal xenérica para os Concellos delegantes da provincia e que implican a necesidade de revisar, con carácter xenérico, elementos tributarios, ou elaborar informes sobre feitos impositivos. Así mesmo, faise necesaria a asistencia técnica e administrativa en traballos de colaboración e asistencia para que polo Servizo de Inspección e Procedementos sancionadores se tramiten os expedientes de comprobación limitada que procedan.

A Deputación de Pontevedra -ORAL carece de medios materiais e humanos suficientes para a correcta prestación deste servizo, dado o elevado volume de traballos que implican a comprobación material no territorio mediante traballos de campo, recompilación de información; polo que se considera imprescindible contar co apoio técnico e administrativo dunha empresa especializada na prestación destes servizos de colaboración material.

O orzamento base de licitación para un ano de contrato (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 175.583,23€, que se adecúa aos prezos do mercado, segundo se detalla no estudo de costes que figura no expediente CIVIDAS co csv MWBQVUD0NMY3JWVV.

Os prezos unitarios licitación, segundo se fundamenta no estudo de costes que figura no expediente, son os seguintes:

PREZO UNITARIO PARTE A1	1,82€
PREZO UNITARIO PARTE A2	6,91€
PREZO UNITARIO PARTE B	21,77€
PREZO UNITARIO PARTE C	116,09€

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.



O Xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, co csv 75UVCIUSZUMDZWFO, na que se xustifica que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo de servizos así como a elección do procedemento de adxudicación aberto suxeito a regulación harmonizada atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo).

Resultando que a Intervención emite documento de retención de crédito RC número de operación 202400157516 por importe de 58.527,74€ con cargo a aplicación orzamentaria 2024/932.9320.22706 e RC FUT num 202400157517 por importe de 117.055,23€ con cargo a aplicación 2025/932.9320.22706. Os importes correspondentes a anualidade 2025 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 19/08/2024 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 12/09/2024 e as observacións contidas no mesmo, csv 3OJGQE3H8LE1B9GD.

Visto que con data 13/09/2024 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 17/10/2024 coas seguintes observacións e recomendacións:

“A) O procedemento de comprobación incide na referenciación catastral dos obxectos tributarios. A experiencia de contratos anteriores fai necesario que os servizos de inspección e catastral coordinen a información de xeito que non se realicen comprobacións de taxas cando se esté a realizar un procedemento de revisión catastral que poida modificar os datos catastrais, evitando así a referenciación catastral incorrecta (como xa sucedeu cos procedementos simplificados de Ponteareas ou Vilaboa).

B) O contrato anterior (2021005329), adxudicado pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de febreiro de 2022, rematou o 9 de marzo de 2024, sen executar as posible prórrogas.

Ao non ter licitada a contratación coa antelación necesaria para enlazar o contrato que finalizaba coa nova adxudicación, a dotación inicial dos créditos orzamentarios da aplicación 932.9320.22706 previstos para 2024 non se axustaron ás previsións. Reitérase a necesidade dunha maior dilixencia na tramitación dos expedientes de contratación recorrentes e esenciais, incluídos dentro da programación e planificación da actividade contractual da Deputación, conforme establece o artigo 28.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.(...)”.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.



Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dunha “Asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación tributaria en materia de taxas e outros tributos nos concellos que teñen delegación expresa na Deputación de Pontevedra.

Os prezos unitarios de licitación son os seguintes:

Servizos a prestar	Prezo máximo unitario, sen IVE	IVE	TOTAL
Traballos parte A1	1,82 €	0,38€	2,20€
Traballos parte A2	6,91 €	1,45€	8,36€
Traballos parte B	21,77 €	4,57€	26,34€
Traballos parte C	116,09 €	24,38€	140,47€

O orzamento base de licitación para un ano de contrato ascende a: 175.583,23€.

O valor estimado do contrato ascende a: 580.440,40€.

O prazo de duración: Un ano a contar dende a formalización do contrato.

Establécese a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha.



2.-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: DFMAE2GDQF8RS46R) e de prescricións técnicas (csv: PY1MLANAMAV3XZ1F) que rexerán dita contratación.

3.-Autorizar o gasto por importe total de 175.583,23€ de acordo coa seguinte distribución :

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024 (4 meses)	24/932.9320.227.06	58.527,74€
2025 (8 meses)	25/932.9320.227.06	117.055,48€
	Total	175.583,23€

O importe correspondente á anualidade 2025 quedará condicionado a aprobacións dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

5.- Nomear responsable do contrato á xefa do servizo de Inspección e procedementos sancionadores do Oral.

6.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais desde a data de envío do anuncio de licitación a Oficina de publicacións da Unión europea.

8.34296.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO DO SERVIZO DE EVOLUCIÓN E XESTIÓN DA REDE SMARTPEME E OFICINAS ACELERA PYME RURAL (OAPR)”. (Expte.2024002269)

En xuño de 2016, a Deputación de Pontevedra puxo en marcha a rede SmartPeme, co obxectivo de establecer un servizo de asesoramento as persoas emprendedoras e autónomas e as pemes da provincia no uso de ferramentas tecnolóxicas, mellorando así a súa eficiencia, produtividade e competitividade.

En canto á necesidade concreta que se pretende cubrir coa presente contratación esta responde á necesidade de definir e planificar as liñas de traballo e actuacións futuras para a prestación dun servizo de asesoramento TIC global as persoas emprendedoras e autónomos e as PEMES da provincia de Pontevedra e coordinar todas as iniciativas existentes ou que se poñan en marcha para conseguir unha progresiva eliminación da fenda tecnolóxica que aínda existe no tecido de autónomos e PEMES desta provincia.

O 23 de xullo de 2020 presentouse o Plan España Dixital 2025, unha Axenda actualizada que promove a Transformación Dixital de España como unha das pancas fundamentais para relanzar o crecemento económico, reducir a desigualdade, aumentar a produtividade e aproveitar todas as oportunidades que as novas tecnoloxías ofrecen.



No marco desta estratexia, o Goberno de España presentou o 27 de xaneiro de 2021 o “Plan de dixitalización das pemes 2021-2025”, que ten como obxectivo impulsar as reformas e transformacións necesarias para avanzar no proceso de dixitalización en España. A cuarta medida do eixo de actuación “Dixitalización básica para pemes” inclúe a creación dunha Rede de Oficinas de Acelera Peme que asesoren ás pemes e axuden a promover a demanda tecnolóxica.

Mediante Acordo do 27 de abril de 2021, o Consello de Ministros aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que incorpora unha importante axenda de investimentos e reformas estruturais. Para iso, o citado Plan estrutúrase en catro eixos dedicados á transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero, que á súa vez orientan dez políticas panca e trinta compoñentes.

Neste marco, Red.es, Ente Público Empresarial, adscrito ao Ministerio de Transformación Dixital, a través da Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial, lanzou a Convocatoria 2021 para a creación da rede de oficinas Acelera peme para entornos rurais, co fin de promover a adopción das tecnoloxías dixitais por parte das empresas situadas en concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes, contribuíndo á súa transformación dixital e, con ela, á transformación da economía e da sociedade, contribuíndo ao mantemento do poboación rural e a loita contra o despoboamento. Con data do 30 de agosto de 2022, Red.es resolveu conceder a subvención á Deputación de Pontevedra, cuxa contía subvencionable ascendía ao 80 % do importe total do proxecto

A Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo o contrato, tendo en conta que na relación de postos de traballo desta entidade non constan as prazas para atender as funcións que require o servizo obxecto desta contratación e así mesmo trátase de funcións especializadas, específicas e concretas non habituais na actividade propia da Deputación, polo que se constata que só se poden prestar por unha empresa transversal de servizos xa que non se dispón de persoal propio para levar a cabo as tarefas previstas.

A vista do exposto a Deputada Delegada en materia de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital dictou providencia de inicio para a contratación do servizo de evolución e xestión da rede Smartpeme e oficinas acelera Pyme rural (OAPR) dentro Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.

Asemade, na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, xustifícase que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo e de servizo, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto suxeito a regulación harmonizada, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elaborase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.



Visto o informe favorable emitido pola Secretaría Xeral con data 29/05/2024 no que se pon de manifesto como observación que “No informe de Secretaría recóllese, entre outros aspectos, que: “Trátase dun servizo que se puño en marcha no 2015 e que se viña configurando como un contrato de duración anual coa execución dunha prórroga tamén polo mesmo período. Comprobouse a existencia de varios expedientes ao respecto: 2015043071, 2017041834, 2019049684 e 2021041034 cun obxecto similar e cuxo prezo de licitación se foi incrementando durante este tempo. Isto pode dar a entender que se trata dunha prestación con vocación de permanencia e polo tanto correspondería ou ben acoutar o seu réxime de prestacións ou ben contemplar a dotación dos medios no cadro de persoal da Deputación de entenderse a existencia dunha necesidade estrutural e permanente.

Tamén, sería necesario incorporar un informe por parte do Servizo xestor do contrato no que se avaliara con detalle os traballos executados e o seu efecto no emprendemento e na actividade económica e os seus efectos no tecido económico provincial dado que se trata dun volume importante de recursos que a Deputación dedica a elo”. E, conclúe que: “Non obstante, deberíanse ter en conta as observacións sinaladas no presente informe en especial no relativo á valoración das repercusións das prestacións obxecto do contrato na provincia, o importe do contrato en relación ao custe dos servizos prestados e o feito de evitar posibles subrogacións do persoal que presta servizo para a empresa licitadora”. Ditas observacións non consta que fosen solventadas.”

Visto así mesmo o informe complementario emitido polo Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías con data 04/06/2024 mediante o que se da resposta as observacións postas de manifesto no informe da Secretaría.

Visto que polo Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías se elaborou unha proposta de bases que regulan o funcionamento do servizo Smartpeme con CSV (HH85EBPWOJ0UOVNL).

Visto que polo servizo de intervención infórmase que na aplicación 2024/926.9260.227.06 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto do ano 2024 e respecto a anualidade futura (2025), contabilizárase na correspondente aplicación, quedando condicionado o gasto á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. Neste senso, no vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2025 mediante os documentos RCFUT1 nº. 202400223243, 202400223245 e 202400223246 por importe de 1.680.000,00 €.

Visto o informe de fiscalización emitido pola intervención con data 21/10/2024 polo que se informa favorablemente o expediente e se pon de manifesto as seguintes observacións e recomendacións:

1.-Xustificación contrato, división en lotes e concorrncia.

Dado o carácter continuado e reiterativo do presente contrato no que se definen prestacións similares ás anteriormente realizadas en contratos precedentes e considerando o importe e alcance do mesmo, entendemos que debería quedar debidamente xustificado no expediente os obxectivos alcanzados en anos anteriores, coa súa correspondente valoración e/ou estudio económico, a conveniencia ou non de seguir con esta forma de xestión, verificando que non existe solapamento con iniciativas neste senso levadas a cabo por outras Administracións públicas, debendo fomentarse a cooperación e colaboración entre as mesmas na busca dunha maior eficiencia e eficacia na asignación dos recursos públicos.



Se ben se xustifica nos informes complementarios do Servizo de Novas Tecnoloxías a conveniencia de non división en lotes, a amplitude do obxecto do contrato, a importante existencia de medios e o importe do contrato, dificultan a concorrência efectiva e imposibilitan o acceso de pequenas e medianas empresas polo que debe ser obxecto de revisión e replanteamento en futuros exercicios.

2.- Réxime xurídico do servizo.

Segundo vén esixido polo artigo 312.a) da LCSP debe xustificarse a existencia do réxime xurídico aplicable a este servizo, mediante regulación nunha Ordenanza (para servizos con previsión de continuidade) ou no seu caso, aprobación dunhas bases que poderían incluírse nos propios Pregos.

En los contratos de servicios que conlleven prestaciones directas a favor de la ciudadanía se deberán cumplir las siguientes prescripciones:

a) Antes de proceder a la contratación de un servicio de esta naturaleza deberá haberse establecido su régimen jurídico, que declare expresamente que la actividad de que se trata queda asumida por la Administración respectiva como propia de la misma, determine el alcance de las prestaciones en favor de los administrados, y regule los aspectos de carácter jurídico, económico y administrativo relativos a la prestación del servicio.

No informe complementario do Servizo de NNTT (CSV: HBND0M4XLJW/MID2S) se indica que “o servizo non ten carácter de permanencia. Como novidade neste contrato, seguindo indicacións de informes anteriores, establécense novos KPIs (Indicadores Clave de Desempeño) que se explican nas bases que se adxuntan (ANEXO I - Borrador Bases SmartPeme v.4) para que sexan aprobadas e publicitadas na web institucional e no BOPPO se así se considera”.

Considerando que o servizo obxecto da contratación proposta iniciouse no ano 2016 e que os pregos obxecto de informe prevén unha duración da prestación de un ano con posibilidade de prórroga, existe unha continuidade do servizo que xustifica a regulación do mesmo mediante Ordenanza de aprobación plenaria.

En todo caso, as bases ou normativa reguladora do acceso ao servizo deben ser obxecto de publicación para xeral coñecemento.

- Criterios de adxudicación.*

Respecto dos criterios de adxudicación, os avaliábeis mediante un xuízo de valor contan cunha puntuación excesiva respecto do criterio prezo, xa que os demais criterios automáticos teñen, ou tenden a ter, límite de saciedade, podendo dar lugar a que sexan os primeiros os decisivos, polo que aínda que a Lei non o sinala expresamente, en aplicación dunha liña doutrinal máis restritiva, entendemos que en caso de persistir esta distribución, debería constituírse un comité de expertos.

Ademais, atópanse pouco definidos nos pregos e recollen aspectos que entendemos se solapan en dous subcriterios, como a metodoloxía para a prestación/seguimento do servizo e deben quedar claramente establecidos os parámetros a utilizar na valoración das ofertas. Respecto do primeiro subcriterio “Grado de desenvolvemento e madurez da metodoloxía de prestación de servizos” este, entendemos, é de difícil seguimento e verificación na execución.

Tamén sinalar, respecto dos subcriterios “Proposta de obradoiros de sensibilización” e “Proposta de actividades complementarias” que as temáticas ofertadas poden non coincidir coas finalmente realizadas, xa que, segundo os PPT, virán determinadas segundo as necesidades detectadas durante os asesoramentos personalizados no primeiro caso (obradoiros de sensibilización) e, segundo as necesidades detectadas durante os asesoramentos personalizados e os obradoiros de sensibilización no segundo caso (actividades



complementarias) e sendo estas últimas só aplicables a Smartpeme+. Ademais, segundo se recolle nos PPT, o plan anual de actividades complementarias deberá ser aprobado pola Deputación. Subliñar tamén que, da experiencia das anteriores licitacións, se poden coñecer as principais demandas e necesidades detectadas, debendo acompañarse un informe resumo no que recollan estes aspectos así como os resultados dos contratos anteriores para todos os apartados, co obxecto de poder avaliar correctamente os criterios de adxudicación propostos.

- Outras consideracións

No que respecta ao compromiso mínimo de medios (que se recolle no PPT cando só debe figurar no PCAP) esta adscripción debe ser razoable, xustificada e proporcional á entidade e características do contrato, de forma que non limite a participación das empresas na licitación. O elevado nivel de experiencia esixida para os distintos perfís profesionais e o carácter multidisciplinar da mesma, podería favorecer á entidade adxudicataria dos anteriores contratos, co conseguinte efecto negativo na concorrência.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Presidente para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar as bases reguladoras do funcionamento do servizo Smartpeme con CSV (HH85EBPWOJ0UOVNL).

2.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do servizo de evolución e xestión da rede Smartpeme no marco do Plan de recuperación transformación e resiliencia (PRTR) financiado pola UE -Next Generation.

3.- Autorizar o gasto polos importes e con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias e de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024 (1 meses)	24/926.9260.22706	150.000,00 €
2025 (11 meses)	26/926.9260.227.06	1.650.000,00 €
Total		1.800.000,00 €

4.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación (CSV) UZKAP86AU7HRQ28Z e o prego de prescricións técnicas co código seguro de verificación (CSV). 4Q1BVM5FCVDB09QK

5.- Nomear persoa responsable do contrato ao Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías.

6.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



9.34297.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO “CONTRATO DE SEGURO A TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS EN INMOBLES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA BASEADO NO LOTE NÚMERO 2 DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP)”. (Expte.2023066615)

Na sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato baseado relativo ao seguro a todo risco de danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra á empresa *Bilbao Seguros Cia Anónima de Seguros y Reaseguros* (A48001648), segundo o detalle reflexado no citado acordo.

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 30 de xaneiro de 2024, este contrato foi subrogado na aseguradora *Occident GCO, S.A.U. de Seguros y Reaseguros* (A28119220).

De conformidade co apartado 4 da memoria xustificativa establécese que o prazo de duración deste contrato baseado é dun ano, que vai dende o día 01 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro de 2024, con posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Con data 27 de setembro de 2024, o responsable do contrato, coa conformidade da deputada delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato, polo período dun ano e con efectos dende o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro de 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 20 de setembro de 2024 (data de comparecencia: 20/09/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 14 de outubro do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito (CSV: O0W'TXO29UN7Z2X1C) para atender as obrigas que se deriven da prórroga deste contrato.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 16 de outubro do 2024, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de seguro a todo risco de danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra baseado no Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros da central de contratación da FEMP (Lote 2) por un ano, desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro de 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación (Resolución Presidencial número 2024005761, de 10 de xullo de 2024, de delegación e concreción de atribucións da Presidencia nos distintos centros e áreas de servizo). O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato do “Seguro a todo risco de danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra baseado no Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros da central de contratación da FEMP (Lote 2)”, suscrito coa empresa *Occident GCO, S.A.U. de Seguros y Reaseguros* (A28119220), durante o período que vai desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro de 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexén.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	25/922.9330.224.01	69.674,42 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2025 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.



10.34298.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO ACORDO MARCO PARA UN “SISTEMA DE IMPRESIÓN E DIXITALIZACIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”.
(Expte.2024052708)

Mediante Resolución Presidencial número 2022001120, de 15 de febreiro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, do “Acordo Marco para un sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra”, co obxecto de fixar todos os termos, condicións e prezos unitarios que rexerán os contratos derivados que se podan adxudicar durante a súa vixencia, sen nova licitación.

O acordo marco adxudicouse mediante Resolución Presidencial número 2022003579, de 10 de maio de 2022, a Canon España, S.A.U. (CIF: A28122125), atopándose vixente desde o 6 de xuño de 2022, data da súa formalización, ata o 5 de xuño de 2026, ao abeiro da prórroga aprobada mediante Resolución Presidencial núm. 2024003236, de 22 de abril de 2022.

Conforme ao mesmo, os contratos derivados, que poderán adxudicarse polas entidades locais da provincia interesadas durante a vixencia do acordo marco, fixarán o prazo concreto de duración, o cal deberá formularse en meses, sen que poda ser inferior a 12 meses, nin superior a 24 meses, contados desde a súa adxudicación. Asemade, as entidades locais contratantes poderán prorrogar os seus contratos derivados durante a vixencia do acordo marco, fixando o prazo concreto de duración da prórroga, o cal deberá formularse en meses, sen que poda superar os 24 meses.

Con data 7 de agosto de 2024, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, xunto coa deputada delegada da Área de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital, informa que, na actualidade, a Deputación de Pontevedra dispón dun parque de equipos de impresión e dixitalización repartidos nos seus distintos centros de traballo e postos de usuario. Estes equipos son propiedade da Deputación de Pontevedra e debido á súa antigüidade atópanse xa en estado de End Of Life (EOF).

Para o seu mantemento, a Deputación de Pontevedra dispón dun contrato vixente (exp. 2020030636). No en tanto, e debido á súa antigüidade e desgaste, os custos para o mantemento destes equipos, nas renovacións das sucesivas licitacións, resultan cada vez máis altos, e as avarías e caídas de servizo asociadas aos mesmos cada vez máis frecuentes e difíciles de evitar. Por todo iso, estímase como urxente e necesaria a renovación dos equipos actuais, dando de baixa o actual parque de impresoras de modo progresivo, e substituíndoo por outros equipos novos e máis modernos, que permitan mellorar a calidade dos servizos de impresión e dixitalización, que actualmente se prestan notablemente degradados.

Polo exposto, propón a adhesión da Deputación de Pontevedra ao “Acordo Marco para un sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra”, xustificando dita solución como a máis vantaxosa. Segundo informe complementario de 10 de setembro de 2024, estímase un orzamento máximo anual de 169.701,56 € (incluído o IVE), contemplando un 10 % a maiores para novas necesidades.



Tendo en conta que, entre os mecanismos de racionalización de contratos nas Administracións Públicas, a Lei de Contratos do Sector Público, nos artigos 218 e seguintes, prevé que estas poderán concluír acordos marco, co fin de fixar as condicións a que haberán de axustarse os contratos que pretendan adxudicar durante un período determinado, en particular polo que respecta aos prezos, e no seu caso, ás cantidades previstas, sempre que o recurso a estes instrumentos non se efectúe de forma abusiva ou de modo que a competencia véxase obstaculizada, restrinxida ou falseada.

Neste eido, a Deputación de Pontevedra concluíu con Canon España, S.A.U. o “*Acordo Marco para un sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra*”, no que se definiron todos os termos, condicións e prezos unitarios que rexerán os contratos derivados que, ao abeiro do mesmo, podan adxudicar durante a súa vixencia, de estar interesadas, as entidades locais da provincia de Pontevedra que ostenten esta condición segundo o disposto no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Na actualidade, atópanse adheridas 43 entidades, mediante a sinatura dos correspondentes convenios coa Deputación de Pontevedra.

A Deputación de Pontevedra, como entidade local territorial, estaría dentro do ámbito subxectivo previsto inicialmente no acordo marco.

Tendo en conta que, conforme definiuse nos pregos, o acordo marco non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos derivados que se adxudiquen ao abeiro do mesmo, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa adxudicataria.

Os contratos derivados serán financiados polas entidades locais que os adxudiquen, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes que acorden os seus órganos de contratación.

Segundo sinala o servizo de Novas Tecnoloxías no seu informe, a adhesión ao acordo marco por parte da Deputación de Pontevedra non suporía conflito económico algún referenciado ao importe económico fixado para o acordo marco.

Neste punto, o acordo marco previu, a efectos informativos, un orzamento máximo estimado, para o conxunto de contratos derivados que se puideran adxudicar durante a súa vixencia, de 2.084.256,58 € (dous anos). O orzamento máximo anual para a Deputación de Pontevedra alcanzaría a cantidade de 169.701,56 € (incluído o IVE), contemplando un 10 % a maiores para novas necesidades, que se financiaría, no seu caso, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.206.00.

Conforme ao referido informe de Novas Tecnoloxías, os datos de execución facilitados pola propia empresa, retallados no mesmo, indican unha ampla marxe para soportar novas contratacións, suficiente para incluír a adhesión da Deputación de Pontevedra. A ampliación do número de impresoras que suporía a renovación total do parque actual da Deputación de Pontevedra non alcanzaría a igualar ou superar o volume estimado do importe económico fixado.



Tendo en conta o informe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de data 16 de setembro de 2024, conformado pola Secretaría Xeral, que conclúe o seguinte:

“Vista a proposta do servizo de novas Tecnoloxías para a adhesión da Deputación de Pontevedra ao “Acordo Marco para un sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra”, segundo a cal a mesma constituiría a solución máis vantaxosa para facer fronte á renovación dos equipos actuais de impresión e dixitalización desta Administración, existindo na actualidade unha ampla marxe para soportar novas contratacións dentro do orzamento máximo estimado; e que, á vista dos pregos, a Deputación de Pontevedra estaría dentro do seu ámbito subxectivo; considérase que se podería adherir mediante o correspondente acordo do órgano de contratación.

Todo isto sen prexuízo de recadar previamente os preceptivos informes da Secretaría e Intervención, e de que, para a adxudicación dos contratos derivados, se autorice o gasto con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda.”

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 16 de outubro de 2024.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adherirse ao “Acordo Marco para un sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra” (Exp. 2021039471), suscrito con Canon España, S.A.U. (CIF: A28122125), que fixa todos os termos, condicións e prezos unitarios que rexerán os contratos derivados que se podan adxudicar durante a súa vixencia, sen nova licitación.

A contía total das subministracións que a Deputación de Pontevedra vaia a realizar ao abeiro deste acordo marco non se pode definir con exactitude ao tempo de celebralo, por estar subordinada ás necesidades da Administración.

2.- A adhesión ao acordo marco non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos derivados que se adxudiquen ao abeiro deste acordo marco, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa parte do acordo marco.



A efectos informativos, establécese un orzamento máximo anual de 169.701,56 € (incluído o IVE), contemplando un 10 % a maiores para novas necesidades, que no ano 2024 se financiará, no seu caso, con cargo á aplicación orzamentaria 24/926.9260.206.00. do vixente orzamento provincial.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente acordo marco para o ano 2025 e seguintes quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias así como á aprobación dos respectivos orzamentos.

3.- Nomear responsable dos contratos baseados que a Deputación de Pontevedra poda adxudicar ao abeiro deste acordo marco a Damián Rey Rodríguez, xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

11.34299.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES FORMULADAS POLA EMPRESA ADXUDICATARIA DA OBRA “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670, CONCELLO DE VALGA”, POR DEMORA E POR NON ATENDER AO REQUIRIMENTO PARA A CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS NA EXECUCIÓN DO CONTRATO E IMPOSICIÓN DE PENALIDADES. (Expte.2022070641)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 19 de maio de 2023, adxudicou á empresa *Moncosa Obs, S.A.* (CIF A15050958) o contrato “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”, cun prezo de 268.973,62 € (222.292,25 €, máis a cantidade de 46.681,37 euros, correspondente ao 21% IVE).

O contrato estableceu un prazo de execución de catro meses, a contar desde a data de formalización da acta de comprobación de replanteo, que se produciu o día 29 de xuño de 2023.

Visto que, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 10 de novembro de 2023, concede á contratista unha ampliación de dous meses no prazo de execución da obra. Na sesión ordinaria do día 12 de xaneiro de 2024, suspende a execución da obra con efectos desde o 22 de decembro de 2023, indicando que, solucionadas as causas, levantarase acta de reinicio, quedando sete días para finalizar.

Visto que a acta de reinicio asinase con data 16 de xaneiro de 2024, unha vez esperado o período de tempo mínimo para que a lousa de compresión do taboleiro da ponte formigonada *in situ* alcanzase unha resistencia mínima para permitir a circulación de maquinaria por enriba da mesma, e levantado o peche das fábricas no período de Nadal que imposibilitaba realizar as subministracións necesarias.

No en tanto, solicitada outra ampliación do prazo de execución por parte da contratista, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 16 de febreiro de 2024, visto o informe do director de obra, lle concede unha segunda ampliación de 45 días, establecendo o 8 de marzo de 2024 como data límite para finalizar a obra, e advertíndolle que, noutro caso, imporánselle penalidades.



Visto o informe da responsable do contrato, de data 23 de setembro de 2024 sobre o incumprimento do prazo, e pola execución de unidades defectuosas, por parte da empresa contratista (CSV: . WQIGYS5HRBR22CIQ), que sinala o seguinte:

“PRIMEIRO.- A acta de comprobación do replanteo asinouse o 29 de xuño de 2023, o prazo inicial da obra era de 4 meses, posteriormente tramitáronse dúas ampliacións de prazo (unha de 2 meses e outra de 45 días naturais), así como unha suspensión do prazo da obra de 25 días naturais, de maneira que o prazo final da obra rematou o 8 de marzo de 2024. Sen embargo os últimos traballos realizados na obra datan do 19 de abril de 2024. O retraso acaecido dende o 8 de marzo de 2024 ata o 19 de abril de 2024 (42 días naturais) débese a causas imputables ó contratista.

Segundo o artigo 193 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público a demora respecto ó cumprimento do prazo total supón unha penalidade diaria de 0,60 € por cada 1.000 € do prezo do contrato, ive excluído, dado que o importe adxudicado do contrato sen iva é de 222.292,25 €, a penalización supón un importe de $0,60 \times 222.292,25 / 1000 \times 42 \text{ días} = 5.601,76 \text{ €}$ sen iva.

SEGUNDO.- Por outra parte, no que respecta ás medicións das unidades de obra de execución defectuosa, procederase á medición das mesmas na certificación final como realizadas na súa totalidade, non obstante é procedente aplicar o prescrito no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) do contrato da obra para as penalidades para infraccións leves (por non atender os requirimentos desta Administración), sendo ditas penalidades o 10% do importe certificado nas unidades referidas.

No caso que nos ocupa, a zaborra artificial estendida a ámbolos lados da ponte do 0+530 non cumpriu os valores exixibles establecidos para as placas de carga na norma 6.1-IC para estradas de nova construción, tal e como consta no informe mensual nº4 da empresa de control de calidade CYE e nas sucesivas comunicacións, instrucións e informes remitidos ó adxudicatario. Da mesma forma, o aglomerado estendido sen autorización sobre unha zaborra non admisible a PQ- e a PQ+ da ponte do 0+530 tamén constitúe unha unidade de obra de execución defectuosa, suxeitas ambas ó prescrito no PCAP.

A valoración da penalización que corresponde para ditas unidades é a seguinte (nas toneladas de aglomerado e de regas non está considerada a superficie situada sobre a lousa da ponte do PQ 0+530, dado que nesa zona concreta non se dispuxo zaborra non admisible debaixo por ir o aglomerado directamente sobre a lousa de formigón):

- 119,453 m³ de zaborra artificial * 15,81 €/m³ * 10% penalización = 188,86 € en E.M.*
- 0,558 ton de rego de imprimación * 329,41 €/ton * 10% penalización = 18,38 € en E.M.*
- 68,343 ton de MBC AC 22 Bin BC 50/70 S * 49,65 €/ton * 10% penalización = 339,32 € en E.M.*
- 0,279 ton de rego de adberencia * 281,43 €/ton * 10% penalización = 7,85 € en E.M.*
- 65,553 ton de MBC AC 16 Surf BC 50/70 D * 50,75 €/ton * 10% penalización = 332,68 € en E.M.*

A suma dos importes anteriores supón 887,09 € en E.M., que a prezos de adxudicación con IVA supón un importe de 1.181,52 € de penalización.”

Tendo en conta que mediante Resolución Presidencial número 2024007588, de data 27 de setembro de 2024, iniciouse o expediente de imposición de penalidades a empresa MONCOSA OHS, S.A (CIF A15050958) por demora, e por non atender ao requirimento da Administración para a corrección de deficiencias na execución deste contrato, polos motivos expostos no informe do responsable do contrato de data 23 de setembro de 2024 (CSV: WQIGYS5HRBR22CIQ). No mesmo acordo, concedeuse audiencia a dita empresa



para que, no prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte á notificación desta resolución, presentasen as alegacións, documentos e xustificacións que estimasen pertinentes en defensa dos seus dereitos respecto ao procedemento iniciado.

Tendo en conta o escrito de alegacións presentado pola empresa contratista (Rexistro entrada WEB2024063557, de 14/10/2024), e o informe do director da obra, de data 16/10/2024 (CSV: 2RS7LWBE3LEEYF7V), que, respecto ás alegacións formuladas pola empresa, indica o seguinte:

“O alegado polo contratista no trámite de audiencia non supón ningunha argumentación nova significativa que poida distorsionar ou variar o xa informado en data 23/09/2024 (CSV: WQIGYS5HRBR22CIQ), polo que me remito ó xa informado no mesmo. Unicamente cabe mencionar algunha aclaración ás alegacións, que son as seguintes:

PRIMEIRO.- O adxudicatario alega que incorreu en mora no prazo porque, segundo o seu criterio, á data de finalización do contrato as obras executadas superaban o 10% do prezo de contrato e que por ilo demorou a execución dos traballos pendentes.

Compre informar como Director das Obras, que os excesos das obras realmente executadas son inferiores ó 10% do prezo do contrato e que tal e como se informara á data de finalización do prazo (8 de marzo de 2024) existían distintas unidades de obra pendentes de executar, as cales se remataron o 19 de abril de 2024 por causas imputables ó contratista. Con posterioridade á 1ª recepción desfavorable realizada o 21 de maio de 2024 se lle dera ó adxudicatario un prazo adicional de 2 meses para a emenda das deficiencias sen que computase dito prazo adicional como demora.

SEGUNDO.- Na alegación o contratista acepta a penalidade polas unidades de obra de execución defectuosa que ascende a 887,09 € en E.M., non obstante a alegación presenta un erro no cálculo a prezos de adxudicación sen IVA, sendo o importe correcto 976,46 € de penalización, unha vez aplicados os coeficientes do contrato.”

Tendo en conta o artigo 193 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, houber incorrido en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 € por cada 1.000 € do prezo do contrato, IVE excluído.

Tendo en conta que, para o caso de incumprimento parcial, cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato ou incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais que se poidan establecer neste prego de conformidade cos artigos 76.2 e 202.1 da LCSP, na cláusula 17 do prego administrativo prevense unha serie de penalidades, con carácter acumulativo. Entre ditas penalidades atópase a motivada por non atender ao requirimento da Administración ante calquera incumprimento das condicións establecidas nos pregos ou na oferta, que determinase nun 10 % do importe da certificación correspondente (IVE excluído). Neste punto, constan no Libro de Ordes as instrucións realizadas á contratista por parte da dirección de obra para a execución correcta das unidades de obra relativas á zahorra artificial estendida a ambos lados da ponte do 0+530, que non foron atendidas.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar as alegacións formuladas pola empresa MONCOSA OHS, S.A (CIF A15050958) contra a Resolución Presidencial número 2024007588, de data 27 de setembro de 2024, pola que se inicia o procedemento de imposición de penalidades por demora, e por non atender ao requirimento da Administración para a corrección de deficiencias na execución do contrato “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”, polos motivos expostos no informe do responsable do contrato de data 23 de setembro de 2024 (CSV: WQIGYS5HRBR22CIQ), e en base ao seu informe de data 16 de outubro de 2024 (CSV: 2RS7LWBE3LEEYF7V).
2. Impoñer a dita empresa as seguintes penalidades:
 - Penalidades de demora na proporción 0,60 € por cada 1000 € do prezo do contrato, desde o día 8 de marzo de 2024 (data límite establecida no acordo da Xunta de Goberno, de 16 de febreiro de 2024) ata a o día 19 de abril de 2024 (data dos últimos traballos), resultando un importe de 5.601,76 € ($0,60 * 222.292,25 / 1000 * 42$ días).
 - Penalidades por non atender ao requirimento da Administración para a corrección das deficiencias advertidas pola dirección de obra na execución de determinadas unidades (zahorra artificial estendida a ambos lados da ponte do 0+530, e aglomerado estendido sen autorización sobre unha zahorra non admisible segundo a norma 6.1-IC para estradas de nova construción), na porcentaxe do 10 por cento da certificación correspondente (IVE excluído), prevista na cláusula 17.2 do prego económico administrativo pola comisión da falta leve de non atender ao requirimento da Administración ante calquera incumprimento das condicións establecidas nos pregos ou na oferta, resultando un importe de 976,46 € (sen IVE).

Ditas penalidades faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía que, no seu caso, constituíuse, cando non poidan deducirse dos mencionados pagamentos.



12.34300.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA GOLFIÑO, XESTIÓN OCIO, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO EDUCATIVA DO PROGRAMA <DEPOAVENTURA A LANZADA 2022-2024>”. (Expte. 2021035025)(Devogarán 2024068485)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 25 de febreiro de 2022 (CSV.- TGPCP0W46GJROGQ2), adxudicouse mediante o contrato de “*Servizo de asistencia técnico educativa do programa <DEPOAVENTURA A LANZADA 2022>*”. (Expte. 2021035025).

Para garantir a correcta realización deste contrato, a entidade mercantil *Golfinho, Xestión de Ocio, S.L.* (B-70.072.905), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
Golfinho, Xestión de Ocio, S.L. (B-70.072.905)	9.721,91€	202200024156	15/02/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Servizo de Xuventude e Reto Demográfico (CSV.- 3U3FWU2QV550L0E5), no cal sinala que a entidade mercantil GOLFIÑO, XESTIÓN DE OCIO, S.L. (B-70.072.905), cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato, axustándose estritamente ás condicións técnicas exixidas, polo que non resultaron responsabilidades contra a mesma. Non existe, por tanto, inconveniente para proceder á devolución da garantía constituída.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- L519UR7X0AVDLOIY), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil GOLFIÑO, XESTIÓN DE OCIO, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de asistencia técnico educativa do programa <DEPOAVENTURA A LANZADA 2022>*” (Expte. 2021035025), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil Golfinho, Xestión de Ocio, S.L. (B-70.072.905), por resultar adxudicataria de dito contrato, que é a seguinte:

- o A constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de nove mil setecentos vinte e un euros con noventa e un céntimos (9.721,91 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 15/02/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200024156.

13.34301.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Expte.2024068903)

Vista a relación de facturas con número 2024068903, que contén 5 facturas e por un importe de 5.876,72 € e con CSV: JCS7QPFZLN4U2MOQ, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 17/10/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	5.853,68 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	23,04 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	5.876,72 €

14.34302.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (Expte.2024068901)

Vista a relación de facturas con número 2024068901, que contén 2 facturas e por un importe de 9.713,10 € e con CSV: I9XIU0Q2MKHS4PIC, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 17/10/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	9.713,10 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	9.713,10 €



15.34303.- AMPLIACIÓN DO LISTADO DE AGARDA APROBADO AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024). (Expte. 2023072350)

No expediente consta o informe da xefa do Servizo de data 03/10/2024 con CSV JQ78OFMSZV7Q20PW e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación referido e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 09/10/2024 con CSV 4DROOJU08RFMZ6A, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo 7.34181 de data 6 de setembro de 2024 de resolución do procedemento de concesión das axudas do *Programa +AQUA_2024*, de forma que se inclúan ó final da lista de agarda ás comunidades de usuarios de augas relacionadas na orde que resulta segundo a data en que se completou a totalidade da documentación esixida, conforme á seguinte táboa:

Nº orde	Comunidade de usuarios	CIF	Actuación	Orzamento	Subvención máxima a conceder (lista de agarda)
36	AGUAS DE SOUTELO (Salceda de Caselas)	V36179240	Instalación de dispositivos de cloración e potabilización da auga	6.355,00 €	6.355,00 €
37	COMUNIDAD USUARIOS DE VIDE (As Neves)	G36274116	Mellora infraestrutura forrado depósito	11.427,18 €	9.443,95 €
38	COMUNIDAD DE AGUAS PETELOS-TAMEIGA (Mos)	G36173367	Melloras da eficiencia e xestión da comunidade de augas	9.117,35 €	9.117,35 €
39	COMUNIDAD DE USUARIOS DE AGUAS DE LOS BARRIOS DE OS CASÁS, TUMBIO E BICHICANS (Gondomar)	V36792935	Reforma liña subministro manancial	10.248,70 €	10.000,00 €
40	COMUNIDAD DE USUARIOS DE AGUA DE CEPEDA (Pazos de Borbén)	G36530905	Obras de mellora nas infraestruturas da CCUU de Cepeda	13.618,25 €	10.000,00 €



41	COMUNIDAD DE USUARIOS DE AGUA RÍO DAS CABRAS (Redondela)	V36134955	Melloras nas infraestruturas da comunidade	8.548,53 €	8.548,53 €
42	COMUNIDADE DE USUARIOS DE XENDE (A Lama)	G94039146	Obras de mellora nas infraestruturas da CC.UU. de Xende	6.208,23 €	6.008,23 €
43	COMUNIDAD USUARIOS DE GUILLADE (Pontearreas)	G36366888	Mellora de tramo en liña subministro	9.559,00 €	9.559,00 €
44	COMUNIDAD USUARIOS DE CAMPO DO MONTE (Mos)	V36273209	Instalación de sistema de potabilización alimentado mediante enerxía solar	7.656,52 €	7.652,52 €
45	COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE PARAÑOS E SAN MARTIÑO (Moraña)	G94051760	Reformas nas instalacións da arqueta e do depósito, equipo informático	10.453,25 €	10.000,00 €
46	COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DE MOURIGADE (Cuntis)	G94063237	Proxecto de rehabilitación da traída de augas de Mourigade	9.328,50 €	9.000,00 €

16.34304.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE AGOLADA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “SUBSTITUCIÓN DE PLACAS IDENTIFICATIVAS NAS RÚAS DE AGOLADA”, APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/06/2023. (Expte.2023032116)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 10 de marzo de 2023, aprobou as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023 (acordo núm. 2.32380), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 20 de marzo de 2023 (BOPPO núm. 55).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 16 de xuño de 2023 (acordo núm. 4.32753), acordou concederlle ao *Concello de Agolada*, con CIF: P3602000F, unha achega de 1.098,47€ para o desenvolvemento do proxecto da liña A “*Substitución de placas identificativas nas rúas de Agolada*”, con cargo á aplicación 24/332.3322.762.00.2023 do vixente Orzamento provincial.



Rematado, o 30 de setembro de 2024, o prazo establecido para xustificar a axuda concedida, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte do *Concello de Agolada*, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Con data 17 de outubro de 2024, número de rexistro WEB2024064281, o *Concello de Agolada* presenta renuncia á subvención concedida no seu día referindo causas operativas e de carencia de persoal para atender ao cumprimento das obrigas de execución e xustificación dentro dos prazos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria.

Con data 17 de outubro de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa esta proposta de renuncia, na que solicita a fiscalización do expediente e o conforme da área de Intervención.

Con data 18 de outubro de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- ✓ Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base Reguladora 14^a da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o Concello de Agolada presenta, o 17 de outubro de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención para a “Substitución de placas identificativas nas rúas de Agolada”, ao abeiro da liña A das Subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.



Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 17 de outubro de 2024 (CSV: 3NTMMQRDDNVO6L8E), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 18 de outubro de 2024 (CSV: CHTRZDXVIAVBJZAQ), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de Agolada* á subvención concedida para a “*Substitución de placas identificativas nas rúas de Agolada*”, ao abeiro da liña A das Subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlles traslado do presente acordo ao *Concello de Agolada*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

17.34305.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE AGOLADA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “SINALIZACIÓN DA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO”, APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/06/2023. (Expte.2023032175)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 10 de marzo de 2023, aprobou as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023 (acordo núm. 2.32380), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 20 de marzo de 2023 (BOPPO núm. 55).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 16 de xuño de 2023 (acordo núm. 4.32753), acordou concederlle ao *Concello de Agolada*, con CIF: P3602000F, unha achega de 3.295,40 € para o desenvolvemento da actuación da liña B “Sinalización da oficina municipal de turismo”, con cargo á aplicación 24/332.3322.762.00.2023 do vixente Orzamento provincial.

Rematado, o 30 de setembro de 2024, o prazo establecido para xustificar a axuda concedida, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte do *Concello de Agolada*, requíruselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).

Con data 17 de outubro de 2024, número de rexistro WEB2024064282, o *Concello de Agolada* presenta renuncia á subvención concedida no seu día referindo causas operativas e de carencia de persoal para atender ao cumprimento das obrigas de execución e xustificación dentro dos prazos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria.



Con data 17 de outubro de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa esta proposta de renuncia, na que solicita a fiscalización do expediente e o conforme da área de Intervención.

Con data 18 de outubro de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- ✓ Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base Reguladora 14ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.



Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o Concello de Agolada presenta, o 17 de outubro de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención para a “Sinalización da oficina municipal de turismo”, ao abeiro da liña B das Subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 17 de outubro de 2024 (CSV: 59PZ6L76AFTQE7UZ), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 18 de outubro de 2024 (CSV: CFDR5IG0MBJ3Z44U), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de Agolada* á subvención concedida para a “*Sinalización da oficina municipal de turismo*”, ao abeiro da liña B das Subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlles traslado do presente acordo ao *Concello de Agolada*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



18.34306.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS 1 DE CARBALLAL Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024).
(Expte.2024011992)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 20/09/2024 con CSV L3LUB2BH7V8Y1XBV e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 20/09/2024 con CSV L3LUB2BH7V8Y1XBV, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 30/09/2024 con CSV R195UVH70DYVVNU7, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da comunidade “*Comunidade de usuarios 1 de Carballal*” (G36297661) á subvención concedida de 10.000,00 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 € previamente comprometido na aplicación 2024/942.4590.789.07.

19.34307.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE CORRIGATOS Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024).
(Expte.2024011999)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 13/09/2024 con CSV 8KC4QL6NKJAE TL3U e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 13/09/2024 con CSV 8KC4QL6NKJAE TL3U, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 30/09/2024 con CSV: TNK7LSERB4N906VN, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da comunidade “*Comunidade de usuarios de Corrigatos*” (G94142601) á subvención concedida de 10.000,00 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).



A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 € previamente comprometido na aplicación 2024/942.4590.789.07.

20.34308.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS COTO E GALLO Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024). (Expte.2024014533)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 13/09/2024 con CSV 8KC4QL6NKJAETL3U e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 13/09/2024 con CSV 8KC4QL6NKJAETL3U, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 30/09/2024 con CSV: 1QF1VSHZO5L98HAA, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da comunidade “Comunidade de augas do Coto e Gallo” (G94157526) á solicitude de subvención do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024) e á posición de lista de agarda.

21.34309.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE DORNA Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024). (Expte.2024014242)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 13/09/2024 con CSV 8KC4QL6NKJAETL3U e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 13/09/2024 con CSV 8KC4QL6NKJAETL3U, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 30/09/2024 con CSV TY5OLGVWNNUVXDCO, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da comunidade “Comunidade de usuarios de Dorna” (G36561447) á subvención concedida de 10.000,00 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).



A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 € previamente comprometido na aplicación 2024/942.4590.789.07.

22.34310.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS PARADELA, SOUTO, BOUZO E BARREIRO Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024). (Expte.2024013725)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 20/09/2024 con CSV EPSR5EA53PV6VK38 e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 20/09/2024 con CSV EPSR5EA53PV6VK38, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 30/09/2024 con CSV RRSZDZO77HAMP4ADY, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da comunidade “Comunidade de usuarios Paradela, Souto, Bouzo e Barreiro” (V36501542) á subvención concedida de 7.010,64 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 7.010,64 € previamente comprometido na aplicación 2024/942.4590.789.07.

23.34311.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA TRÁIDA DE AGUAS ROZADAS-EIRÍS-BUDIÑO Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024). (Expte.2024014514)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 13/09/2024 con CSV 8KC4QL6NKJAETL3U e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 13/09/2024 con CSV 8KC4QL6NKJAETL3U, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención



provincial de data 30/09/2024 con CSV: 293UDOD7MJ558NC1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da comunidade “*Traída de augas Rozadas-Eirís-Budiño*” (G36356483) á solicitude de subvención do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024) e á posición de lista de agarda.

24.34312.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE OUTEIRO-TEBRA Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024).
(Expte2024008734)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 20/09/2024 con CSV KCQCN3KFZAJTX22D e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 20/09/2024 con CSV KCQCN3KFZAJTX22D, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 30/09/2024 con CSV TWLA8X60E884VNX2, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da “*Comunidade de usuarios de Outeiro-Tebrá*” (G36298487) á subvención concedida de 9.338,66 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 9.338,66 € previamente comprometido na aplicación 2024/942.4590.789.07.

25.34313.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE CHAN DE GÁNDARA Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024).
(Expte.2024014356)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 14/10/2024 con CSV Y6HQD7J6PWS7G61Q e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data



14/10/2024 con CSV Y6HQD7J6PWS7G61Q, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 15/10/2024 con CSV J3XQ8LRGXRUVU3KA9, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da comunidade “*Comunidad de usuarios de Chan de Gandara*” (G36478618) á subvención concedida de 7.664,17 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 7.664,17 € previamente comprometido na aplicación 2024/942.4590.789.07.

26.34314.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE MAGDALENA Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024).
(Expte.2024009280)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 14/10/2024 con CSV 8NHW81P53HBAPC91 e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 14/10/2024 con CSV 8NHW81P53HBAPC91, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 15/10/2024 con CSV OVW3PTM9ZEMAQ8PG, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da comunidade “*Comunidade de Augas Usuarios de Magdalena*” (G36190569) á subvención concedida de 7.199,78 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 7.199,78 € previamente comprometido na aplicación 2024/942.4590.789.07.



27.34315.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDAD DE AGUAS SAN PELAYO Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (Programa +AQUA 2024). (Expte.2024012273)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 15/10/2024 con CSV R99VR22ZBX9I1V8I e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 15/10/2024 con CSV R99VR22ZBX9I1V8I, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 15/10/2024 con CSV P1HVX9XKRKB1DWUX, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da comunidade “Comunidad de aguas San Pelayo” (G36319218) á subvención concedida de 10.000,00 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 € previamente comprometido na aplicación 2024/942.4590.789.07.

28.34316.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE AGOSTO DE 2024 (Nº15.34130), POLO QUE SE APROBA E DECLARA DE ABOO OS “PREMIOS DA COPA DE FÚTBOL DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024” (Expte.2024022959)

Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12/04/2024 e núm. 2.33628 aprobou o “*Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra 2024*”, publicándose no BOPPO núm. 75 de 17/04/2024.

Segundo.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 19/04/2024 e núm. 37.33689 aprobou a “*Modificación puntual do acordo adoptado en XG de data 12/04/2024, núm. 2.33628 polo que se aprobaba o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra 2024*”.



Terceiro.- Con data 06/08/2024 por parte do servizo de Deportes emítese informe-proposta dos premios pola participación dos clubs deportivos na Copa Deputación de Pontevedra 2024, xunto coas relacións de equipos participantes masculinos e femininos; constando na relación de equipos masculinos o CF Lamela cun importe de 250,00 €.

Cuarto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 06/08/2024.

Quinto.- Con data 14/10/2024 por parte do servizo de Deportes emítese informe de modificación do acordo da Xunta de Goberno núm. 15.34130 de 09 de agosto, polo que se aproba e declara de aboo os “Premios da Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra 2024”.

Sexto.- No referido acordo figura un erro de feito na relación dun importe, no expediente núm. 2024034947 relativo ao CF Lamela, que por un erro de feito figuraba cun importe de 250,00 €, sendo o importe correcto 400,00 € (correspondente a xogar Fase Previa+1ª Ronda).

Sétimo.- Consta no expediente segundo o certificado emitido pola Federación Galega de Fútbol que o CF Lamela participou na fase previa sendo eliminado na primeira ronda masculina.

Oitavo.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 15/10/2024.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Que os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal e como establece o artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.



Terceiro.- Que de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón no seu artigo 36. D) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Que entre os obxectivos que inclúe a lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.
- Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

Por outra banda, no seu artigo 51 ás federacións deportivas galegas coma entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación esténdese ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e dispón que entre os seus obxectivos esta o de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva en exclusividade, neste sentido a Lei confírelle ás federacións funcións delegadas públicas de carácter administrativo que se recollen no artigo 56, entre estas funcións podemos destacar a de colaborar coas administracións públicas na promoción das súas respectivas modalidades e a de organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.

A mencionada Lei, define no seu artigo 19 as competicións oficiais de ámbito autonómico coma as cualificadas como tales polas respectivas federacións deportivas de Galicia ou pola Administración deportiva autonómica dentro do seu ámbito competencial e no seu apartado 2 indica que estas serán organizadas pola correspondente federación deportiva galega de forma directa.

Quinto.- No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.



Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Modificar o acordo 15.34130 de 9 de agosto de 2024, polo que se aproba e declara de aboo os “*Premios da Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra 2024*”, no senso de aprobar a concesión e declarar de aboamento o importe de 150,00 € (sendo este importe a diferenza entre o aboado (250,00 €) e o que lle corresponde (400,00 €)), pola participación do CF Lamela na fase previa da Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra (masculina).

29.34317.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NA E.P. 6306 NO CONCELLO DE VILA DE CRUCES. (Expte.2023042598)

Dada conta que con data de rexistro 12/06/2023 (rex. núm. WEB2023037471) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. José Luis Martínez-Olivares Gómez en representación de Mapfre España, S.A. e de D. Manuel Castro Veiga, por danos en vehículo producidos en accidente de circulación a consecuencia da caída dunha árbore na estrada provincial E.P. 6306 Agolada-Cruces, no *Concello de Vila de Cruces*, o día 14/07/2022, e que cuantificou economicamente 10.110,54 €.

Resultando.- Que con data 28/06/2023 e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 28/07/2023, co seguinte contido literal:

- a) *A estrada EP 6306 Agolada-Cruces é unha estrada convencional, titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, polo tanto o lugar do accidente pertence á rede provincial de estradas.*
- b) *Previa chamada do 112, os vixiantes do Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra procederon a informar do accidente acaecido na estrada EP 6306 Agolada-Cruces P.Q. 16+000 marxe esquerdo, á Brigada nº3 ás 22:20 horas do día 14 de xullo de 2022.*

Nesta mesma estrada houbo outras incidencias por caída de árbores en datas anteriores e posteriores, estando as mesmas rexistradas noutros puntos quilométricos distintos ó PQ 16+000. Compre indicar que a estrada EP 6306 ten unha lonxitude total de 17 quilómetros.

- c) *Non existe sinal por caída de árbores no código de circulación.*



- d) *Inmediatamente despois do aviso recibido ás 22:20 horas do 14/07/2022, a Brigada nº3 desprazouse ó punto no que se produciu o accidente e procedeu a retirar a árbore da calzada, rematando os traballos de limpeza ás 00:30 horas do 15/07/2022, é dicir, 2 horas e 10 minutos despois de recibido o aviso.*

O estado de conservación das árbores aparentemente era bó, non obstante o capataz manifestou que o motivo da caída do grupo de castiñeiros que orixinaron o accidente, foi o forte vento que existía nese intre.



Fotografía das árbores tomada ó día seguinte do accidente, o 15/07/2022

- e) *Os traballos de limpeza da estrada remataron 2 horas e 10 minutos despois de recibido o aviso, non estando rexistrado o tempo que tardou en chegar a brigada ó lugar do accidente. Non obstante por manifestación oral do capataz da brigada, o tempo que tardou a brigada en chegar ó lugar do accidente, dende que se recibiu o aviso, foi de aproximadamente 40 minutos.*
- f) *As árbores estaban situadas en dominio privado, fóra do dominio público viario e a unha distancia considerable deste, polo tanto a titularidade do terreo onde se encontraban non pertence á Deputación Provincial de Pontevedra.*

A referencia catastral da parcela onde estaban as árbores é a 36059A040080010000MO.



As seguintes fotos son de data 28 de xullo de 2023, observándose nelas varios tocóns procedentes das árbores taladas que provocaron o accidente.





César Paredes Rodríguez
Enxeñeiro

Daniel Romay Díaz
Director de Infraestruturas e Vías Provinciais _____



Resultando.- Que con data 20/11/2023, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, acerca do nome e dirección postal do propietario da parcela da que procedía a arbore causante do accidente, remitindo certificación catastral na que constan como titulares D. Manuel Lamela Otero e D.^a Isolina Mercedes Taboada Ríos, con domicilio en Toiriz nº 6, Vila de Cruces.

Resultando.- Que con data 01/12/2023, e de conformidade co establecido no artigo 4.1 letra c) da Lei 39/2015 e 76.1 da mesma Lei, emprazouse como interesados no procedemento ós propietarios da parcela da que proviña a árbore, D. Manuel Lamela Otero e D.^a Isolina Mercedes Taboada Ríos, sen obterse resposta ó mesmo.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2023042598 de data 07/12/2023, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento por atoparse, naquel intre, pendente das alegacións dos propietarios da parcela da que proviña a árbore causante do accidente, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que con data 15/01/2024, e ante a ausencia de resposta, reiterouse o emprazamento como interesados ós propietarios do terreo do que procedía a árbore causante do sinistro, constando no expediente os acuses de recibo dos citados emprazamentos nas datas 14/12/2023 e 23/01/2024 (asinados polos propios interesados: o primeiro deles por D. Manuel Lamela Otero e o segundo por D.^a Isolina Mercedes Taboada Ríos), sen que ata a data de adoptarse o presente acordo tiveran recibido alegacións ó mesmo.

Resultando.- Que con data 16/09/2024, solicitouse ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais informe complementario acerca da última revisión periódica da estrada antes de producirse o sinistro, remitindo informe na data 19/09/2024 co seguinte contido:

Non existe rexistro documental do percorrido diario da brigada B-3 polas estradas da súa competencia na comarca do Deza. Non obstante, o vixiante de permisos desta zona fai un percorrido cunha periodicidade semanal por tódalas estradas que ten asignadas, por outra parte o capataz da brigada B-3, ademais das labores propias de atención a incidencias e vialidade, tamén fai un percorrido semanal por tódalas estradas do Deza. Pódese concluír por tanto que a última revisión da estrada previa ó accidente foi como mínimo o luns 4 de xullo de 2022 (10 días antes do accidente), podendo ser realizada dita visita incluso en datas máis próximas ó sinistro.

Resultando.- Que xunto co mesmo, remite o Servizo de Infraestruturas rexistro de Meteogalicia correspondente á Estación meteorolóxica de Camanzo, situada no termo municipal de Vila de Cruces, referente ás condicións meteorolóxicas do día 14/07/2022:


Están rexistradas en dita estación rachas de vento de 30.9 km/h, cun valor de precipitación diario acumulado de 2 l/m2 e unha temperatura media de 28°.

Cómpre indicar que a estación de Camanzo está situada a unha distancia aproximada de 20 km do lugar do sinistro, polo que as rachas de vento reais que se puideran producir neste punto poden diferir das rexistradas na estación debido á distancia existente á mesma.



Resultando.- Que con data 16/09/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe á Estación Fitopatolóxica Areiro da Deputación acerca das condicións meteorolóxicas do día do sinistro, emitindo o mesmo na data 14/10/2024, co seguinte contido:

En relación á solicitude realizada polo Servizo de Asesoría Xurídica da Deputación de Pontevedra sobre as condicións meteorolóxicas rexistradas na estrada provincial E.P. 6306 de Agolada-Cruces, no Concello de Vila de Cruces, o día 14/07/2022, realizouse unha consulta de datos nas estacións meteorolóxicas na rede de Estacións de MeteoGalicia. A rede dispón dunha estación meteorolóxica en Camanzo (Concello de Vila de Cruces).



Os rexistros da estación de Camanzo o día 14/07/2022 amosan valores de refacho máximo a 2 m de 30,9 km/h, velocidade do vento a 2 m de 4,7 km/h e de chuvia de 2,0 L/m².



Estación de Camanzo. Concello de Vila de Cruces. Pontevedra
 Período de consulta de 14/07/2022 a 14/07/2022

Código validación	Data	Código parámetro	Parámetro	Valor	Unidades
1	2022-07-14 00:00:00.0	PP_SUM_1.5m	Chuvia	2.0	L/m ²
1	2022-07-14 00:00:00.0	VV_MAX_2m	Refacho máximo a 2m	30.9	km/h
1	2022-07-14 00:00:00.0	VV_AVG_2m	Velocidade do vento a 2m	4.7	km/h



Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva (co matiz de que a árbore non se atopaba en zona de dominio público) e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- Recóllese no informe estatístico do Destacamento de Lalín que a superficie do firme se atopaba mollada xa que estaba a chover, sen luz natural nin artificial.
- Recóllese no mesmo que a visibilidade restrinxida pola configuración do terreo.
- Tramo recto e plano con marxes arboradas.
- Inmediatamente despois de recibirse o aviso a brigada desprazouse ó punto no que se produciu o accidente e procedeu a retirar a árbore da calzada.
- Segundo o manifestado polo capataz o motivo da caída do grupo de castiñeiros que orixinaron o accidente, foi o forte vento que existía nese intre.
- As árbores estaban situadas en dominio privado, fóra do dominio público viario e a unha distancia considerable deste, polo tanto a titularidade do terreo onde se encontraban non pertence á Deputación Provincial de Pontevedra.
- Non se produciron mais accidentes pola mesma causa nese tramo da vía provincial.

Considerando.- Que polos argumentos esgrimidos no anterior considerando, o accidente sería imputable a un suposto de forza maior, caracterizado doutrinalmente polos elementos de externalidade e irresistibilidade en síntese de imprevisibilidade e inevitabilidade, ó que é alleo esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias pola mera detención material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos, pois é sabido que existe un estándar medio de risco predicable de calquera actividade humana ó que non é allea a conducción de vehículos a motor.

Considerando.- Que segundo o *Informe Estatístico do Destacamento da Garda Civil de Lalín*, no momento do accidente non había luz natural nin artificial e o firme se atopaba mollado, polo que de terse adecuado a velocidade ás circunstancias esixidas polo estado da vía, o accidente podería non terse producido, o que fai descansar a responsabilidade no condutor do vehículo, vinculada coa forza maior. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, *“todo conductor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y*



psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurran en cada momento, A FIN DE ADECUAR LA VELOCIDAD DE SU VEHÍCULO A LAS MISMAS, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”.

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: “1. *Se circulará a velocidade moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:*

g) (...) cuando pueda salpicarse o proyectarse agua, a los demás usuarios de la vía”.

Pola súa banda, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos exprésase o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 “...*Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor como a los demás ocupantes del vehículo y al resto de usuarios de la vía. Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente o temerario*”.

Artigo 18.1: “...*El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...*”

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada tardou arredor de 40 minutos en chegar ó lugar do accidente para proceder á retirada da árbore e limpeza da vía, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.



Considerando.- Que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estableceu un criterio restritivo sobre este tipo de reclamacións (colisións por obxectos ou substancias na calzada), entre outras moitas, nas súas sentenzas de 21 de decembro do 2011 (rec. 7109/2011) e 27 de outubro do 2011 (rec. 4134/2010), nas que se insiste en que:

“La razón determinante del accidente fue una circunstancia ajena al obrar de la Administración con causa en actos ajenos, que nada tiene que ver con el funcionamiento de un servicio público, sin que la obligación de mantener la calzada limpia de objetos extraños sea absoluta, sino en relación a estándares mínimos y no consta acreditado una ausencia o defecto de mantenimiento, siendo la circulación de vehículos una actividad de riesgo que exige una atención en los conductores que les permita observar un elemento obstaculizador perfectamente visible”.

Considerando.- Que as sentenzas 148/2016, 85/2021 e 9/2022 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, as sentenzas 113/2012, 220/2017, 193/2021, 76/2022 e 277/2023, ditadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, e as sentenzas 213/2012, 197/2022 e 65/2023 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos de Pontevedra, e todas sobre supostos con identidade de razón (caída de árbores na estrada), eximiron de toda responsabilidade a esta Deputación.

Así, a Sentenza 85/2021, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra establece o seguinte:

(...) No consta que el árbol hubiese permanecido un prolongado período de tiempo sobre la calzada. En cuanto la Diputación recibió el primer aviso, procedió en poco tiempo a señalizar y limpiar la calzada.

Con la prueba practicada el actor no ha conseguido demostrar que la Diputación provincial haya incurrido en un defectuoso funcionamiento de su servicio público de conservación de la carretera en adecuadas condiciones de seguridad.

El siniestro se produjo o bien por la culpa exclusiva de un tercero (propietarios de la finca colindante que no mantuvieron adecuadamente sus árboles), o bien por causa de fuerza mayor (temporal de lluvia y viento). Pero no por culpa de la Diputación provincial”.

Do mesmo xeito, a Sentenza 197/2022 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o que sigue:

Es por ello por lo que no resulta posible la declaración de responsabilidad patrimonial de la administración pública; así, lamentablemente, y aún asumiendo que los daños materiales asociados al accidente lo fueron a causa de un obstáculo en la vía sin que se hubiera demostrado ninguna responsabilidad en el comportamiento del conductor del vehículo siniestrado en el informe estadístico ARENA emitido por la GC con motivo del accidente ni deducible del resto de la prueba, e incluso asumiendo que en ese punto difícilmente el tramo, y la presencia del obstáculo sobre él, tenían suficiente visibilidad ya que el siniestro sucede de madrugada sin que el punto en cuestión dispusiera de alumbrado; de todos modos, y a pesar de todo lo expuesto, no estamos ante un caso en que sea posible la declaración de responsabilidad patrimonial de la administración pública demandada en su condición de titular de la vía.



Entiendo que este es uno de esos casos paradigmáticos en que lamentablemente para el reclamante no es posible reconocer que la administración por el mero hecho de ser la titular de la vía y estar obligada a mantenerla en buen estado de conservación vigilando que sirva a su fin de forma segura, pueda declararse responsable en los términos pretendidos porque no se ha conseguido demostrar que tal administración, y su servicio competente, hubiera descuidado, en su comportamiento a la hora de vigilar el tramo, lo que serían sus obligaciones “razonables”, incumpliendo con ello con lo que se viene llamando estándares razonables de actuación que cabría exigirle (...) Estamos ante la presencia de un árbol que estaba plantado, además, en una zona privada.

Considerando.- Que non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que a estación de Camanzo, na que foron consultados os datos meteorolóxicos, e que rexistrou refachos máximos de 30,9 km/h, está situada a unha distancia aproximada de 20 km do lugar do sinistro, polo que as rachas de vento reais que se puideron producir foron, sen dúbida, maiores das rexistradas na estación ó teren sido capaces de derrubar árbores novos e sans.

Considerando.- Que consta no expediente ficha catastral remitida polo Servizo de Infraestruturas, correspondente á parcela de propiedade particular lindeira coa estrada da que procedía a árbore, así como a súa titularidade, polo que ó abeiro do artigo 1.902 e 1908.3º do Código Civil, podería, de ser o caso (cuestión que esta Deputación non prexulga), esixírselle ós seus propietarios a hipotética responsabilidade no eido da xurisdición civil:

Artigo 1902 C. C.:

“El que por acción u omisión causa daño a otro, interviniendo culpa o negligencia, está obligado a reparar el daño causado”.

Artigo 1908. 3º do C. C. :

“Igualmente responderán los propietarios de los daños causados:

3º. Por la caída de árboles colocados en sitios de tránsito, cuando no sea ocasionada por fuerza mayor”.

Considerando.- Que o artigo 38.5 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, recolle o seguinte:

Las personas propietarias de los terrenos, construcciones, establecimientos, instalaciones u otros bienes situados en las zonas de protección de las carreteras (...) están obligadas a conservarlos en las debidas condiciones de limpieza y seguridad para que no afecten al adecuado funcionamiento del servicio público viario, y deberán ejecutar las obras y actuaciones necesarias para mantenerlos en las debidas condiciones. Serán responsables de los daños y perjuicios causados por el incumplimiento de esta obligación.

Considerando.- Que si ben a mera carencia de lexitimación pasiva desta Deputación conduciría á inadmisión de plano da reclamación, baseada no artigo 88.5 da Lei 39/2015, o ente provincial ten por norma e costume non deixar de instruír e informar o procedemento, para darlle así ó interesado reclamante un acto desestimatorio fundamentado fronte ó que poida recorrer para garantir así o principio que proscribe a indefensión de quen se ubica ante a Administración en defensa dun dereito ou interese.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

30.34318.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE PONTEAREAS. (Expte. 2024037365)

Dada conta que con data 14/09/2023 (núm. rex. 2023018499), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Diego Núñez Pino, por danos en vehículo producidos a consecuencia dun desprendemento de terra e pedras sobre a calzada da estrada (E.P. 4003) de Confurco (N-120) a Couso, no *Concello de Ponteareas*, o día 20/12/2022, e que foi cuantificada economicamente en 4.136,65 €.

Resultando.- Que con data 05/10/2023, e de conformidade co artigo 18 da Lei 39/2015, en relación cos artigos 66, 68.1 e 73 da mesma Lei, requíriuse ó interesado para que no prazo de dez días subsanara a instancia aportando certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que o seu asegurado non foi indemnizado por este sinistro, coa advertencia de que de non facelo así, tería lugar a perención do procedemento e o arquivo das actuacións, e debendo aclarar a contía reclamada ao figurar importes diferentes na factura e no presuposto achegados.

Resultando.- Que intentada a notificación do citado requirimento nas datas 13/10/2023 e 07/11/2023, sen que se puidese practicar, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, publicouse un anuncio no Boletín Oficial do Estado o día 28/12/2023.

Resultando.- Que en dito anuncio se recollía que o expediente se atopaba a disposición do interesado na Asesoría Xurídica da Deputación para a súa consulta no prazo de 15 días, contados desde o seguinte ao da publicación, transcorrido o cal se entendería producida a notificación.

Resultando.- Que transcorrido o prazo de 15 días na data 19/01/2024, sen obterse resposta por parte do interesado, en virtude do artigo 84.2 da Lei 39/2015, ditouse Resolución Presidencial nº 2024002064, de data 12/03/2024, de arquivo do procedemento pola imposibilidade material de continualo por causas sobrevenidas.

Resultando.- Que con data 14/05/2024, pola representación procesual de D. Diego Núñez Pino, presentouse escrito de demanda formulando recurso contencioso-administrativo contra a resolución ditada e sinalándose vista para o próximo día 04/12/2024, ás 10:15 horas.



Resultando.- Que con data 10/06/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento y Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 16/09/2024, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O lugar do siniestro, segundo consta no atestado da Garda Civil, correspóndese co p.q. 2+170 da EP-4003. Dita estrada pertence á Rede de Estradas Provinciais da Deputación de Pontevedra.

SEGUNDO.- A estrada ten unha lonxitude total de 2.176 ml, situándose o lugar indicado no atestado (2+170) preto do seu final.



Como se pode comprobar na sección transversal existente no lugar indicado, hai un muro de pedra, e non existe talude, non correspondéndose coas fotos do atestado.

Nas inmediacións no hai ningún talude de terra que poida coincidir co lugar indicado no atestado.



TERCEIRO.- Non houbo aviso dende o servizo de emerxencias 112 á Deputación Provincial, de modo que a brigada que estaba de garda non se presentou no lugar.

CUARTO.- Non hai constancia doutros accidentes polo mesmo motivo no mesmo lugar e nas mesmas datas.

QUINTO.- Non había sinalización que advertise do perigo, xa que non había constancia do mesmo.

M.^a Elena Pérez Alonso

Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 20/09/2024, e de conformidade co establecido no artigo 141.1, letra c), da Lei 40/2015, solicitouse aclaración á Garda Civil de Tráfico-Destacamento de O Porriño acerca do punto quilométrico no que tivo lugar o accidente, xa que o mesmo produciuse por un desprendemento de terra e pedras e no punto que se sinala no atestado non existe un talude senón un muro de pedra.

Resultando.- Que con data 04/10/2024, a Garda Civil de O Porriño, remite oficio no que sinala o seguinte:

Personado en el lugar de los hechos el Agente con T.I.P. núm. R22942Z, uno de los Instructores que elaboró dicho informe, comprobó lo siguiente:

Que la carretera en la que sucedió el accidente no tiene denominación y que la misma es la que discorre entre las localidades de Guláns a Couso, enlazando en Couso con la E.P. 4003, a la altura del p.k. 2.200.

Que el accidente ocurrió a la altura del punto kilométrico 3 de la carretera que no tiene denominación.

Resultando.- Que con data 04/10/2024, remitiuse o informado pola Garda Civil de O Porriño ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación para que informasen se a vía sinalada é de titularidade provincial, remitindo informe na data 14/10/2024, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O lugar do sinistro, segundo consta no atestado da Guardia Civil, correspóndese co p.q. 2+170 da EP-4003. Dita estrada pertence á Rede de Estradas Provinciais da Deputación de Pontevedra.

SEGUNDO.- Tras unha comprobación feita in situ polo persoal de conservación da Deputación Provincial, se verifica na sección transversal da estrada no lugar indicado no atestado hai un muro de pedra, e non existe talude, non correspondéndose coas fotos do atestado.

Recorrida a estrada provincial en toda a súa lonxitude non se identifica visualmente ningún lugar que poida coincidir coas fotos do atestado.

TERCEIRO.- Solicitada aclaración á Garda civil de O Porriño acerca do punto quilométrico no que tivo lugar o accidente, na data 04/10/2024, remiten informe co seguinte contido: "... QUE LA CARRETERA EN LA QUE SUCEDIÓ EL ACCIDENTE NO TIENE DENOMINACIÓN, Y QUE LA MISMA ES LA QUE DISCURRE ENTRE LAS LOCALIDADES DE GULÁNS A COUSO, ENLAZANDO EN COUSO CON LA EP4003, A LA ALTURA DEL P.K. 2.200".



*En referencia a este escrito comprobase que a estrada onde tivo lugar o sinistro non é de titularidade provincial.
Dita estrada atópase dentro da marca verde da imaxe e conecta dúas estradas provinciais, pero o km 3 de dita estrada está fora en calquera caso do dominio público das estradas provinciais.*



*M.^a Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro*

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.



Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade reiterar a inadmisión a trámite dita solicitude de indemnización.

31.34319.- CONCESIÓN DE “SUBVENCIONES A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONES DE ÁMBITO ESTATAL PARA O AÑO 2024”. (Expte: 2024024462)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 19/07/2024 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito estatal para o ano 2024 por importe de 900.000,00 €.

Segundo.- Con data 23/07/2024 procédese á publicación das bases anteriormente sinaladas no BOPPO (núm. 143), establecéndose un prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación de solicitudes.

Terceiro.- Con data 03/10/2024 a xefatura do servizo de Cultura emite informe proposta ao respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de entidades beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas e trala reunión da comisión de avaliación nomeada ao efecto na mesma data.

Cuarto.- Con data 09/10/2024 a xefatura do servizo de Cultura formula a proposta de resolución provisional das subvencións obxecto do presente procedemento. Por outra banda, con data 21/10/24 efectúase a proposta de resolución definitiva.

Quinto.- En data 21/10/2024 fiscalízase de xeito favorable o expediente pola Intervención da Deputación.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no caso de tratarse de Asociacións, artigo 232.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión por importe de 900.000,00 € a 80 solicitudes para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de ámbito estatal para o ano 2024 e que figura na relación que se achega co seguinte CSV: JZHDS4W52S4E5DUD.



Segundo.- Excluir deste programa un total de 5 solicitudes: das cales 2 están excluídas por desestimento da solicitude e 3 excluídas pola base terceira (non compiten en ámbito estatal) que se achega co seguinte CSV: V3YZGVL5QLRG6KI7.

32.34320.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE MARÍN PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “DOTACIÓN DE INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN PARA O LOCAL DA PISCINA MUNICIPAL” INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS” (Expte. 2024019804)

ANTECEDENTES

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.
- O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Marín o importe que lle corresponde é de 138.855,47€.
- En data 22/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024019063) ao abeiro do PEID, dunha petición do Concello de Marín, emendada nas datas 25/03/2024, 08/05/2024 e 10/05/2024 (núm. rexistro 2024005175, WEB2024029904 e WEB2024030532), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 64.795,50 € con destino ao financiamento do investimento denominado “Dotación de instalación de climatización para o local da piscina municipal”, cun orzamento do mesmo importe.
- Revisada a documentación, compróbase que antes do fin do prazo de presentación de solicitudes (22/03/2024) non constaba presentado o correspondente proxecto técnico da actuación, constando soamente un informe do arquitecto técnico municipal de 22/03/2024 que recollía unha proposta de estimación de valoración económica para a obra de dotación de instalación de climatización para o local situado sobre o recinto do vaso da piscina municipal.



No dito informe o técnico municipal indica que “*En relación coa necesidade de dotar dunha instalación de climatización ó local situado sobre o recinto do vaso da piscina, considérase que a actuación ten carácter de obra, así como que tratándose da reforma da instalación térmica do edificio e modificando as condicións de eficiencia enerxética previas do mesmo resulta oportuna a redacción dun proxecto que determine a mellor solución para acadar o obxectivo desexado (...)*”

- A base reguladora 10ª da convocatoria establece que “*Non serán emendables a falta de presentación do proxecto, documento técnico ou análogo (...)*” e a base 6ª, relativa ao procedemento de concesión de subvencións, indica que “*Quedarán excluídas aquelas solicitudes que incumpran as bases da convocatoria*”.
- O día 11/09/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa desfavorablemente a solicitude de subvención (CSV: 40FRKYI3SAMBHHI4) e o 15/10/2024 a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do citado informe (CSV: VPDZ6D1K927ASKN8).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 84 da LPACAP que establece a terminación do procedemento.
- Artigo 88 da LPACAP sobre o contido da resolución e o deber de motivación e congruencia.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Base 6ª das reguladoras do PEID que establece que quedarán excluídas aquelas solicitudes que incumpran as bases da convocatoria.
- Base 10ª das reguladoras do PEID, que indica que non serán emendables a falta de presentación do proxecto, documento técnico ou análogo.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Marín dunha subvención relativa á totalidade do financiamento do investimento denominado “Dotación de instalación de climatización para o local da piscina municipal”, cun orzamento de 64.795,50€, presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, pero incumpre as bases reguladoras ao non constar a presentación do correspondente proxecto técnico antes do fin do prazo de presentación de solicitudes. Procede a desestimación da solicitude de subvención xa que a falta de presentación do proxecto non é emendable, de conformidade coa base reguladora 10ª que sinala que “*non serán emendables a falta de presentación do proxecto, documento técnico ou análogo (...)*”. Así mesmo, a base 6ª recolle que “*Quedarán excluídas aquelas solicitudes que incumpran as bases da convocatoria*”.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos aplicables, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Desestimar a solicitude de subvención do *Concello de Marín* de 64.795,50 € con destino ao financiamento do investimento “Dotación de instalación de climatización para o local da piscina municipal” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe.
- Proceder ao arquivo do expediente unha vez sexa firme a desestimación da solicitude.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Marín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



33.34321.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

34.34322.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

35.34323.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

